

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 24

SESION ORDINARIA DO 29 DE NOVEMBRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTEN:

Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vintenove de novembro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña,

constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten a Sra. Romero Rodríguez. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Señores e señoras concelleiros, iniciamos o Pleno número 24 do Concello, coa orde do día que figura en poder das señoras e señores concelleiros, convocado o día 25 de novembro ó que engadiremos por común acordo dos grupos Popular, Socialista e do BNG, un punto cunha declaración institucional sobre o pasamento do Sr. Fernández del Riego. Adicionalmente presentouse polo Grupo do BNG unha moción urxente para a súa consideración no pertinente punto da orde do día.

Ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1.-(255).- ACTAS ANTERIORES. (Sesiós ordinarias do 27.07 e 06.09)

(Está ausente a Sra. Romero Rodríguez do Grupo Popular)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións ordinarias do Pleno da Corporación que tiveron lugar os días 27 de xullo e 6 de setembro de 2010.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

(256).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DO PASAMENTO DE DON FRANCISCO GONZÁLEZ DEL RIEGO.

ANTECEDENTES.- Co gallo do pasamento de don Francisco González del Riego, acontecido o día 26 do mes que andamos, os grupos municipais do Concello de Vigo, Grupo do BNG, Grupo do PSdeG-PSOE e Grupo do PP, acordaron presentar unha declaración institucional, ademais do establecemento de dous días de loito a contar dende esta mesma data, polo que se poñerán as bandeiras a media hasta.

“No día de hoxe, o Pleno da Corporación Municipal de Vigo recorda e homenaxea a vida e o pasamento dunha das figuras imprescindibles da nosa cultura. Personalidade ilustre e vigués convencido, Francisco Fernández del Riego nos deixa unha dilatada traxectoria profesional chea de verbas e de galeguismo e un recorde indeleble na memoria de todos e cada un dos vigueses e viguesas, dos galegos e galegas.

Medalla de Ouro da Cidade e Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, del Riego caracterizouse polo seu profundo compromiso con Vigo e con Galicia, como amosa a súa obra e a súa dedicación desinteresada á cidade participando intensamente na vida social viguesa ata que a súa saúde llo permitiu.

O seu arraigo á nosa terra, o seu amor a Vigo, levouno a doar a súa extensa e brillante colección literaria e artística á nosa cidade, que hoxe temos a fortuna de poder coñecer e apreciar na Biblioteca Museo Francisco Fernández del Riego. A súa incansable actividade como benefactor da cidadanía viguesa e galega permitiuno dirixir con éxito a Fundación Penzol ata o pasado ano.

Francisco Fernández del Riego destacou na súa faceta literaria, impulsando o galeguismo na Segunda República e artífice durante a segunda metade do século XX do proceso de recuperación cultural nacido trala posguerra. Pero se o seu legado traspasa fronteiras, no ámbito das letras, o seu carácter afable e a súa personalidade comprometida elévano a un lugar privilexiado no corazón de Vigo e de Galicia.”

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Por acordo do Grupo do Partido Popular, Grupo Socialista e Grupo do BNG, preséntase unha declaración institucional, ademais do establecemento de dous días de loito a contar a partir de hoxe e polo tanto que se poñan as bandeiras a media asta. Tamén por acordo dos tres grupos políticos presentes no Pleno, gardaremos un minuto de silencio na súa memoria.

A presidencia procede a ler o texto da declaración institucional transcrito anteriormente. Deseguido, con todas as persoas presentes no salón de Plenos

postas en pé, gárdase un minuto de silencio.

A anterior declaración institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

2.1.-(257).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, "DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES". EXPTE. 76/1101.

ANTECEDENTES.- Preséntase texto de declaración institucional co gallo da celebración do 25 de novembro, Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, elaborado polo Consello Municipal da Muller.

O citado Consello designa a dona Rosa Fontaíña Pazos, da Rede de Mulleres veciñais contra os malos tratos e membro do Consello Municipal da Muller, para a súa lectura perante o Pleno da Corporación.

"O fenómeno da violencia de xénero segue sendo percibido de forma distinta por homes e por mulleres, xa que nós percibimos este problema con maior intensidade ó seren vítimas potenciais do mesmo.

Poderíamos facer deste comunicado unha declaración máis, onde pediríamos o avance das políticas de igualdade ou onde denunciar que as actuais non son totalmente efectivas, pero son moitos anos reiterando e insistindo nestas mesmas reivindicacións, polo que hoxe queremos empregar este espazo para lembrar que a violencia de xénero é un problema global que se estende a todos os territorios. Queremos aproveitar este espazo para denunciar as inxustizas e atrocidades que sofren as mulleres tamén doutros países, independentemente de razas, relixións, políticas, democracias e sistemas políticos que intentan facernos crer que sa vivimos en igualdade.

No mundo unha de cada tres mulleres sofren violencia de xénero e 1/3 será violada, agredida ou maltratada durante a súa vida.

En oriente medio e o sudoeste asiático numerosos grupos de mulleres sospeitan que as vítimas dos crimes de honra son alomenos catro veces máis do reflectido na última cifra mundial das Nacións Unidas. Grupos voluntarios de mulleres, organizacións de dereitos humanos e os arquivos de novas suxiren que o asasinato de inocentes por deshorrar ás súas familias vai en aumento cada ano.

Case a metade das mulleres que morren por homicidio son asasinadas polos seus maridos ou parellas actuais ou anteriores, unha porcentaxe que se eleva ao 70% nalgúns países, unha de cada catro mulleres será vítima de violencia sexual por parte da súa parella no curso da súa vida, e nalgúns países, ata unha terceira parte das nenas sofren unha iniciación sexual forzada.

En España estamos vendo como minguan os servizos institucionais centrados na loita polos dereitos das mulleres. Asistimos durante estes últimos meses á supresión de importantes servizos, que non se constituíron por casualidade senón coa loita das mulleres e co apoio dalgúns partidos políticos.

A infiltración do SAP nas sentenzas xudiciais, como argumentos para cambios de custodia ou outras accións legais, son novas maneiras de *criminalizar* ás mulleres. As sentenzas vergonzosas son outra pedra no camiño da liberación, na consecución pola igualdade. Os partidos políticos e os gobernos teñen a obriga de loitar contra estes atropelos.

A violencia de xénero sofre variacións e adaptacións ás diferentes circunstancias relacionadas co contexto no que se produce polo que hai que elixir as medidas máis axeitadas a ese entorno para abordala.

Temos que tomar conciencia de que a violencia de xénero é un problema global en diferentes realidades e que a violencia *feminicida* é unha violación dos dereitos humanos das mulleres.

Os gobernos, as ONGs, a sociedade civil, o sector privado e os organismos internacionais deben traballar xuntos para enfrontarse a este reto de forma competente e para achegar a vontade política, o compromiso e o valor para erradicar esta vulneración da vida humana.

Vigo ten dende hai moito tempo, mulleres organizadas na loita pola xustiza social, mulleres que levan moitos anos denunciando as desigualdades de trato ás mulleres. Este Concello foi pioneiro en moitos eidos relacionados con este problema gracias a estes movementos e á colaboración do Concello que nos apoia, pero non é suficiente, queremos máis, queremos o compromiso cara o futuro, saber que van seguir apoiando as propostas do Consello Municipal das Mulleres, da Concellería de Igualdade así como o mantemento dos servizos que están funcionando aumentándoos ata cubrir a demanda das mulleres desta cidade.

Dende o Consello Municipal das Mulleres acórdase solicitar ó Concello un espazo público co nome 25 de novembro. Este espazo será no contorno da rúa do Príncipe, por ser un lugar onde sempre se realizan actos contra a violencia de xénero, é un xeito de lembrar a importancia dese día e recoñecer o traballo que se ven realizando en torno á violencia de xénero. É moi importante a intervención e a participación nos espazos públicos para a erradicación e a prevención.

Agardamos contar co apoio deste Pleno ás nosas demandas.”

Dona Rosa Fontaíña Pazos dá lectura ó texto da declaración institucional transcrito anteriormente.

A anterior declaración institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.-(258).- PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE VIGO.
EXPTE. 20063/220.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 31 de agosto de 2010, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolveu que polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais se iniciase o expediente necesario para a aprobación do Plan de prevención de riscos laborais no marco da lexislación vixente.

Con data 1 de setembro, a técnica de Prevención de Riscos Laborais, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Xestión Municipal, informa do que segue:

“A Lei 31/95, do 8 de novembro, pola que se aproba a Lei de Prevención de Riscos Laborais, aportou unha nova concepción da seguridade e saúde no posto de traballo. Esta Lei resulta de aplicación ás Administracións Públicas (art. 3), e supón a implantación dunha cultura de prevención en todos os niveis da empresa, tendente a avaliar e minimizar os riscos que para a saúde do traballador puidera ocasionar a actividade laboral. É unha obriga do Concello de Vigo garantir a seguridade e saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo.

A Lei 54/2003, do 12 de decembro, reforma o marco normativo da prevención de riscos laborais e reforza a obriga de integrar a prevención de riscos no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os seus niveis xerárquicos, a través da implantación e aplicación dun Plan de Prevención de Riscos Laborais. Tamén o Real Decreto 604/2006, do 19 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, que aproba o regulamento dos Servizos de Prevención como normativa de desenvolvemento da lei de prevención de riscos laborais, establece esta necesidade da integración da prevención de riscos laborais no sistema xeral de xestión da empresa, no conxunto das súas actividades, en todos os seus niveis

xerárquicos e en todas as decisións (art. 1).

De acordo coa lei de prevención de riscos laborais, o plan de prevención debe incluír a estrutura organizativa, as responsabilidades, as funcións, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos necesarios para realizar a acción de prevención de riscos no Concello (art. 16), e deberá estar a disposición da autoridade laboral (art. 23).

O plan de prevención de riscos laborais que se presenta inclúe como anexo a Guía de Coordinación de actividades empresariais, que ten como obxectivo facilitar o cumprimento do real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais, e entendemos que debe formar parte do Plan de Prevención de Riscos Laborais ao ser un dos procedementos de aplicación máis xeneralizada en todos os servizos/unidades/áreas do Concello de Vigo.

Para cumprir co indicado no artigo 33 da Lei 31/95, de Prevención de Riscos Laborais, o Plan de Prevención foi aprobado polo Comité de Seguridade e Saúde en reunión extraordinaria do pasado 30 de xullo de 2010.

Toda esta normativa xustifica a necesidade de aprobar un plan de prevención de riscos laborais para o Concello de Vigo

II.- NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- L. 31/1995, do 8 de nove,bro, de prevención de riscos laborais
- L. 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da lei de prevención de riscos laborais
- RD 39/1997, do 17 de xaneiro, que aproba o regulamento dos Servizos de Prevención”.

Polo anteriormente exposto, a técnica informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 13 de setembro de 2010, prestou a súa aprobación á devandita proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditaminou favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular Sra. Romero Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da

S. Ordinaria 29.11.10

Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo co texto que figura no expediente, debidamente dilixenciado por esta Secretaría Xeral do Pleno.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para presentación de reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte co establecido no art. 49.c) da LRBRL (L.7/1985), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto integro do Plan no BOP.

3.2.-(259).- INCREMENTO DA PARTIDA GLOBAL DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE NO ORZAMENTO VIXENTE DE 2010. EXPTE. 87/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de novembro de 2010 a técnica de avaliación e formación e o técnico de organización e planificación de Recursos Humanos, coa conformidade do concelleiro-delegado da área de Xestión municipal e da concelleira de Facenda, emiten o seguinte informe:

“O Pleno do Excmo Concello de Vigo, na sesión realizada o 9 de abril de 2010, aprobou con carácter definitivo o Orzamento xeral do Concello e os seus Organismos Autónomos Administrativos (Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo), para o ano 2010.

O crédito inicial aprobado para a partida 922.0.150.00.00-productividade, é de 150.000,00€.

Ata a data realizáronse as seguintes modificacións orzamentarias polos seguintes importes:

- Modificación 10.10 por importe de 200.088,48 €
- Modificación 54.10 por importe de 206.833,24 €
- Modificación 100.10 por importe de 143.078,29 €

S. Ordinaria 29.11.10

Polo que a dotación da mesma ascende a 700.000,00€

Vista a instrución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal e tendo en conta o custe do os compromisos adquiridos co persoal municipal recollidos no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo e nas Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo vixente, así como outros acordos da Xunta de Goberno Local como o programa de dispoñibilidade para o servizo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 21 de xuño de 2010 e outros compromisos acadados coa representación sindical é necesario o incremento da dotación existente na actualidade na devandita partida.

Dito incremento poderá realizarse con cargo ós créditos non consumidos ata a data dos postos vacantes e partidas que a continuación se relacionan no Anexo 1 deste informe.

As bases de execución do orzamento xeral do ano 2010, aprobadas na mesma sesión do Pleno antes citada, recollen na súa disposición adicional sétima “Contía máxima para o ano 2009 a distribuír polos complementos de produtividade e gratificacións: Ao obxecto de dar cumprimento o regulamentado nos artigos 5 e 6 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril e facelo executable co previsto no artigo 127.1.h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, os complementos máximos polos conceptos de gratificacións e produtividade para o ano 2010 serán os seguintes: O complemento de produtividade non rebaixará a contía de 0,7 millóns de euros, o de gratificacións os 3 millóns de euros, ambos os dous límites deben estar dentro das porcentaxes que fixa o artigo 7 do Real Decreto 861/1986, do 30 e 10 por 100 respectivamente da masa salarial. Ata acadar a devandita contía, o órgano competente poderá incoar as modificacións orzamentarias necesarias dentro do Capítulo I dos orzamentos, tendo en conta os postos dotados e os efectivos cubertos, sen que en ningún caso o gasto do Capítulo I do estado de gastos do orzamento poida experimentar incremento como consecuencia das devanditas modificacións orzamentarias. No caso de precisar un incremento destes importes, deberá ser o Pleno da Corporación quen autorice aumentar estes complementos.”

Dada a insuficiencia de crédito existente na partida 922.0.150.00.00 para facer fronte ao gasto en concepto de produtividade, dos apartados recollidos na Instrución 4ª de Cadro de Persoal e RPT vixentes e outros compromisos adquiridos coa representación sindical, e previo o preceptivo informe de fiscalización que sexa emitido pola Intervención Xeral nos termos do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, de Lei reguladora das facendas locais, así como o ditame da Comisión de Asuntos Xerais, sométese ao criterio do Pleno deste Concello a seguinte proposta de acordo...”

Visto o anterior os técnicos asinantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de novembro de novembro de 2010 o interventor xeral municipal

S. Ordinaria 29.11.10

emite o preceptivo informe de fiscalización.

A Comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión do 25-11-2010 ditaminou favorablemente o presente asunto.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar o incremento da partida presupostaria 922.0.150.00.00 “Produtividade” nunha contía máxima de 600.000,00 euros, con cargo aos créditos non utilizados correspondentes a vacantes de persoal, coa finalidade de ter cobertura orzamentaria necesaria para os aboamentos que sexan aprobados pola Xunta de Goberno Local con cargo a partida 922.01500000, conceptos recollidos na Instrución 4ª de Cadro de Persoal e RPT vixentes así como outros acordos da Xunta de Goberno Local que sexan adoptados.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencia de crédito á partida 922.0.150000 con cargo as vacantes de persoal ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposición adicional sétima das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercicio económico 2010.

3.3.-(260).- INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE NO ORZAMENTO VIXENTE PARA O ANO 2010 DO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 314/13.

S. Ordinaria 29.11.10

ANTECEDENTES.- Con data 27 de outubro de 2010 o xefe do servizo de Educación e supervisor da EMAO, coa conformidade da presidenta da Escola Municipal de Artes e Oficios, emite o seguinte informe:

“A Presidenta do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, con data 27 de outubro do ano no que andamos ditou orde de servizo para a instrución da proposta ao órgano municipal competente co obxecto de incrementa-la partida 3241.1500000 (produtividade), ata un máximo de 43.115,53 €, xa que a cantidade existente na partida é insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, o especial rendemento, a iniciativa e o interese con que determinado persoal da Escola desenvolve as funcións inherentes ao posto de traballo que desenvolve, especialmente no que se refire á súa adaptación funcional ao novo Plan de Normalización Curricular iniciado no ano 2008 e que actualmente está vixente coa aprobación consecutiva de modificacións ao mesmo nos anos 2009 e 2010.

Na disposición final segunda do “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado para o período 1995-1997”, prevíase o compromiso de efectuar durante o ano 1997 unha reclasificación dos postos de traballo do cadro municipal e a súa correspondente avaliación económica, co obxecto de ser aplicado o 1º de xaneiro de 1998.

Por diferentes motivos dita adecuación non se iniciou ata o ano 2005, iniciándose un proceso gradual de adecuación das retribucións do persoal municipal a demanda de servizos, dirixido a impulsar a modernización e mellora da prestación do servizo público e incrementar a produtividade, procedéndose ao reaxuste e ordenación das funcións a desempeñar polos postos dado o cambio significativo que se ven producindo nos mesmos e modificándose consecuentemente as contías de determinados complementos retributivos. Dito proceso a aplicar ao longo de tres exercicios económicos non tivo continuidade nos anos 2006 e 2007 ao prorrogarse o orzamento aprobado para o ano 2005.

Nos anos 2008 e 2009 continuouse no Concello de Vigo coa adecuación de postos, e en setembro de 2010 finalizouse o proceso de adaptación retributiva dos postos encadrados nos grupos A1 e A2 de titulación.

No Organismo Autónomo iniciouse este proceso de xeito específico ás características da Escola Municipal de Artes e Oficios, coa contratación no ano 2008 á empresa EOSA Estrategia y Organización S.A. da “Análise, descrición e valoración de postos de traballo”, que, unha vez entregado, atópase pendente, tralos informes oportunos, de tramitación para a súa aprobación se procede. Neste estudo recóllese a adecuación retributiva dos postos existentes na EMAO ás novas condicións e funcións derivadas do proceso de reorganización administrativa e funcional derivada do Plan de Normalización Curricular (PNC) aprobado pola Xunta Reitora do Organismo no ano 2008, xa que ditos postos

foron obxecto de transformación nos seus contidos, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, como consecuencia da implementación do PNC e os novos modelos de xestión e de docencia, sen que as súas retribucións se adecuaran ás funcións desempeñadas ata a data.

Sen embargo, no que respecta aos postos de ordenanza, de auxiliar administrativo e de técnico medio de Bibliotecas, xa foron equiparados no ano 2009 igualando as súas retribucións ás actuais vixentes no Concello.

No que respecta ao resto dos postos actualmente ocupados fixos ou interinos (mestre de formación, mestre de oficios, técnico do conservatorio de música tradicional e profesor de linguas), non se ten realizado aínda a adaptación retributiva correspondente ás novas circunstancias, cuestión que terá lugar, se así finalmente se aproba, no momento en que se acorde a aprobación da Valoración mencionada.

Estas circunstancias excepcionais xustifican asignación dun complemento de produtividade pola especial adicación coa que vén desempeñando as súas funcións que permiten sentar as bases para a reorganización e actualización dos servizos de cara a un maior aproveitamento dos recursos humanos e materiais xa que os empregados propostos cumpriron coas encomendas realizadas dentro dos planes de actuación e as instrucións recibidas pola Presidenta do Organismo Autónomo, en canto a implantación e execución dos novos procesos e funcións derivadas do PNC, como son a impartición de asignaturas complementarias, a realización de titorías e actividades de seminario, departamento e biblioteca.

Asemade, debe considerarse -con independencia do proceso de equiparación- un complemento de produtividade polo especial traballo e rendemento dos auxiliares administrativos adscritos á Unidade Administrativa da EMAO, no desenvolvemento dos novos aspectos de xestión e informáticos derivados da reorganización en marcha (elaboración de expedientes informatizados, sistemas electrónicos de matrícula e xestión do alumnado, xestión de provedores e subministros, apoio na xestión de persoal...). Esta nova especial adicación xa se recolle na proposta de valoración, pendente de trámite e aprobación, ao propoñer a amortización deste posto de auxiliar polo superior de administrativo, máis acorde coas funcións efectivamente desenvolvidas por estes traballadores.

O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ao sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse o dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futura de non manterse os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a

actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do Complemento de Produtividade se reflicte para cada exercicio no Orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao Pleno de cada Corporación a través do orzamento determina-la cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime Local (LBRL)
- Lei 3/1982, de agosto, de Reforma da función pública (LRFP)
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime retributivo dos funcionarios das administracións locais (RD861/1986), modificado por RD 168/96 do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL).

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito da presidenta do organismo autónomo da Escola Municipal de Artes e oficios, o incremento do crédito existente ao obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito.

En virtude disto, seguindo as instrucións da presidenta do organismo autónomo, previa fiscalización da Intervención Municipal, propónse ao Pleno da Corporación a adopción da seguinte proposta de acordo.”

A seguir, o técnico informante formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 30 de novembro de novembro de 2010 o interventor xeral municipal emite o preceptivo informe de fiscalización.

A Comisión informativa de Xestión Municipal na súa sesión do 22 de 010 ditaminou favorablemente o presente asunto.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida 3241.1500000 (produtividade) por unha contía máxima de 43.115,53 euros.

Segundo.- Instar ao órgano competente do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e oficios para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente.

3.4.-(261).- SOLICITUDE DE D^a AUREA SOTO LAGO DE DESAFECTACIÓN DE CAMIÑO IGREXA EN VALLADARES. EXPTE. 17949/240.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de outubro de 2010, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Xestión Municipal, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 do xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Da. Áurea Soto Lago mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 30.11.2006, solicita a desafectación dun camiño en Valladares, con orixe na estrada da Igrexa á altura do nº 31 e sinalado na folla cartográfica 16-37 que achega, ao considerar que é privado.

2º.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente, e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 10.10.2007.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 08.11.2007.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 03.09.2008.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 20.11.2008.
- Informe dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 07.01.2009.

3º.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia á Asociación de Veciños de Valladares e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- O Centro Veciñal e Cultural de Valladares o 14.08.2008, manifestando que dita asociación *"..ten constancia de que o ramal foi cedido naquel entón polos distintos propietarios lindeiros, xa que era un simple camiño de servizo a fincas, para uso público"*, solicitando se lle recoñeza a actual propietaria a zona cedida no seu día, coa finalidade de que manteña os beneficios urbanísticos da parcela primitiva e se manteña o carácter público do ramal xa que para tal efecto foi cedido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Identificación do ben controvertido. O ramal do camiño da Igrexa-Valladares, obxecto da presente reclamación figura grafiado na folla 16-37 do plano topográfico das vías municipais no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, na súa condición de vía pública integrado na rede viaria municipal, se ben segundo informe do arquitecto de Patrimonio non se atopa a súa correspondencia cos ramais do camiño Igrexa sinalados nas fichas de características das devanditas vías públicas do

Inventario.

2.- Natureza xurídica de ben de dominio público do ramal do camiño Igrexa. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

Non entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, dito ramal do camiño da Igrexa foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4.- Respecto á cuestión da desafectación e rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no

epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil.

Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese tramo (á altura do nº 31 do camiño da Igrexa), como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. No presente caso, pódese sinalar que se trata dun ramal que partindo do camiño Igrexa serve de acceso a distintas propiedades, cunha configuración física clara e delimitada polas fincas lindeiras, reflectida tanto nos planos do Catastro, como na planimetría antiga do Concello ao constar no plano escala 1:5000 do voo Lecar do ano 1969 (informe do Servizo de Cartografía 20.11.2008), atopándose aberto ao uso xeral dos veciños, tal e como resulta do manifestado polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares, na instrución do expediente, ao sinalar que ven sendo destinado para o uso público e conseguintemente solicitar se manteña o carácter público para o que foi cedido. Por outra banda, de acordo co informado polos servizos técnicos da Xerencia, dito camiño ten fixada alineación no PXOM vixente, concorrendo con isto o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificación se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

A interesada presenta unha desafectación de dito camiño baseada nunha reclamación sobre o carácter privado do mesmo. A desafectación ou alteración da natureza xurídica dos bens demaniais supón partir da consideración de ditos bens como integrantes do dominio público municipal, pola súa titularidade pública e afectación ou destino a un uso ou servizo público (art. 5.1 LPAP). O cambio na súa natureza xurídica demanial incide sobre esta derradeira característica da súa vinculación ou non a un uso ou servizo público, podendo dar lugar, de concorrer os presupostos legais esixidos na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, a desvinculación de ditos bens ao uso público e polo tanto a súa saída do dominio público, manténdose en todo caso a titularidade municipal dos bens, ao non incidir nin ser obxecto de dito procedemento as cuestións de propiedade cuxo coñecemento e resolución como queda dito está reservado á xurisdición ordinaria.

Conseguintemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico reconece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBR; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito ramal do camiño Igrexa ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración

Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdiccional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

6.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Polo anteriormente exposto o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular Sra. Romero Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Da. Áurea Soto Lago mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 30.11.2006 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do tramo do ramal do camiño Igrexa (á altura do nº 31), na parroquia de Valladares, reflectido na folla topográfica 16-37 do Inventario municipal de bens e dereitos.

3.5.-(262).- SOLICITUDE DE D^a MARCIANA COMESAÑA LAGO DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL NO CAMIÑO FRAGOSELO EN CORUXO. EXPTE. 17997/240.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de outubro de 2010, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Xestión Municipal, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Da. Marciana Comesaña Lago presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 03/01/2007 solicitando a titularidade dunha propiedade que se reflicte na cartografía municipal como camiño, na estrada de Fragoselo de acceso ao nº 261, Coruxo. Achega coa solicitude e mellora, planos de situación e deslinde do camiño, e escritura pública de agrupación de fincas outorgada o 24.04.1972 pola propia interesada.

2º.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 30.07.2007, sobre a non existencia de instalacións de alumeadado público.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 27.08.2007, consonte non aparece reflectido no plano Lecar escala 1:5000 do ano 1964 .

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 10.08.2007, sinalando que o camiño non está afectado polas alienacións do Plan Xeral vixente.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 14.01.2008, sinalando que se trata dun camiño interior de finca, pechado, sen instalación de abastecemento ou saneamento, no que non se realizan labores de mantemento.
- Informe dos servizos técnicos da Xerencia de data 18.01.2010, consonte o camiño reflectido nos planos do expediente non esta afectado polas alienacións do PXOM.
- Informe da Oficina do Inventario de data 04.10.2010, consonte non se corresponden os ramais do CR. Fragoselo da folla cartográfica nº 12-38 cos que figuran na ficha de características técnicas do Inventario de Viais.

3º.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia a Asociación de Veciños de Coruxo e ós propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

Dª Maximina Comesaña Lago, en data 08.03.2007, manifestando ser dito camiño propiedade da solicitante, sendo unha entrada propia o seu domicilio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Identificación do ben controvertido. O camiño obxecto da presente reclamación figura grafiado na folla 12-38 do plano topográfico das vías municipais no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, se ben non concorda cos sinalados nas fichas de características das vías públicas do Inventario, segundo informe do arquitecto de Patrimonio do 10.08.2007.

2.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-8 camiño Freiría. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario

deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o camiño de referencia foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos, este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. Así, á vista dos informes dos técnicos municipais e da documentación obrante no expediente, procede sinalar en primeiro lugar que se ben o camiño obxecto de expediente aparece reflectido na planimetría de viais do IMBD, non se identifica cos datos que das vías municipais que constan nas fichas técnicas do mesmo inventario, o que podería deberse a un erro na grafía reflectida no plano do inventario. Por outra banda, en canto ás características do camiño, segundo resulta do informado polos servizos municipais, tratase dun camiño interior, que constitúe o acceso á vivenda da interesada, carente de servizos públicos, no que non se realizan labores de mantemento polo Concello, non resulta afectado polas alienacións do PXOM vixente e que segundo informa o servizo de Cartografía da Xerencia de Urbanismo non aparece reflectido no plano Lecar do ano 1964.

Conseguentemente non apreciándose a concorrencia de circunstancias das que se poida deducir a aparencia do uso público e posesión municipal do devandito ramal da estrada de Fragoselo, preséntase no presente caso, a necesidade de proceder a súa rectificación no inventario de viais, actualizando os seus datos e planimetría coa finalidade de axustar dito rexistro á realidade patrimonial do Concello resultante do expediente tramitado, anulando a súa grafía no plano topográfico 12-38, e sen que isto, en modo ningún, supoña un recoñecemento da propiedade ou titularidade dominical do camiño a prol do reclamante, cuestión esta cuxa resolución compete á xurisdición ordinaria.

I

5.- Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).

Polo anteriormente exposto o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular Sra. Romero Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, anulando a grafía na folla topográfica nº 12-38 das vías públicas, do camiño dunha lonxitude de 65 metros lineais con inicio na CR. Fragoselo e remate na propiedade nº 261.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante o prazo dun mes aos efectos de resolver eventuais reclamacións.

Terceiro.- O presente acordo quedará automaticamente aprobado como definitivo, se transcorrido o prazo anterior non se presentara ningunha reclamación ou alegación, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que a este efecto se expida polo Rexistro Xeral.

3.6.-(263).- SOLICITUDE DE D^a CONSUELO COMESAÑA CARREIRA DE

RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL RESPECTO Ó RAMAL 5
DO CAMIÑO REGUEIRA EN SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE.
18845/240.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de outubro de 2010, o xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Xestión Municipal, informa do que segue:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Da. Consuelo Comesaña Carreira mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11.01.2010, solicita a modificación da titularidade que consta no inventario municipal, respecto ao camiño da Regueira ao considerar que é de natureza privada, propiedade da solicitante.

2º.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe do Servizo de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 7 e 16-06-2010.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 11-06-2010.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 14-06-2010.
- Informe do apareladora municipal, de data 01-10-2010.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Identificación do ben controvertido. O ramal 5 do camiño Regueira, na parroquia de San Andrés de Comesaña, obxecto do presente expediente, figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como ben de dominio público afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

2.- Natureza xurídica de ben de dominio público do R-5 camiño Regueira. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo foi aprobado definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esíxen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, o ramal R-5 do Camiño Regueira foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e

dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4.- Respecto á cuestión da rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil. Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese camiño como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo, o que cabe concluír que concorre no presente caso tendo en conta que se trata dun camiño que se atopa aberto ao uso público, que figura grafiado como un acceso ós muíños próximos ao predio solicitante na cartografía do ano 1985, dispoñendo de alumeado público e asfaltado recentemente polo Concello.

Por outra banda, de acordo co informado polos servizos técnicos da Xerencia, dito camiño ten fixada alienacións no PXOM vixente, concorrendo con isto ao suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30-11-94, segundo o cal todos os expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificación se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico recoñece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito ramal do camiño Regueira ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade, e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do

antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

6.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Polo anteriormente exposto o xefe de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular Sra. Romero Rodríguez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Da. Consuelo Comesaña Carreira, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11.01.2010, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto ao ramal 5 do camiño Regueira, na parroquia de San Andrés de Comesaña, recollido no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.

3.7.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DAS MODIFICACIÓNS DAS ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS PARA O EXERCICIO 2011. EXPTE. 79/1101.

A PRESIDENCIA: Se lles parece ós grupos, facemos un debate conxunto de todas as ordenanzas fiscais que veñen en bloque.

S. Ordinaria 29.11.10

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Hoxe estamos aquí para aprobar definitivamente as ordenanzas fiscais para o ano 2011. Para a elaboración destas ordenanzas fiscais unha vez máis este goberno tivo en conta a incidencia da crise na economía dos cidadáns.

Xa no ano 2009 este goberno aplicou unha redución dun 0,2% nos impostos municipais de xeito que os vigueses e viguesas viron como baixaban os recibos do lixo, da auga, da Escola de Teatro, de Música, as actividades do Instituto Municipal dos Deportes, as garderías municipais, o imposto de vehículos. Pasamos seren a cidade con menor presión fiscal de Galicia porque entendemos que as consecuencias da crise económica non as deberían pagar os cidadáns. Así, o goberno da cidade Vigo apostou por unha diminución de impostos ós vigueses e viguesas.

Como seguimos entendendo que a crise económica que xeraron outros non a deben pagar os cidadáns de Vigo para o ano 2011, de novo propoñemos diminución de tarifas como a de asistencia domiciliaria nun 1,31%, sendo así a terceira vez que se reducen estas tarifas por parte deste goberno. Non se actualizan conforme ó IPC tarifas como as dos prezos das garderías municipais ou as do Centro de Día para Maiores. Serán así os nosos nenos e os nosos maiores os beneficiarios dunha redución real dun 1,5% nas taxas pola prestación destes servizos municipais.

Pero se abre tamén a posibilidade de anular as multas do servizo da ORA, de xeito que unha multa de 45 euros, pasa seren unha tarifa post-pagada de 7 euros.

Tamén ampliamos os límites para se acoller ás exencións de impostos nun 1,5% para que máis familias se poidan acoller a exencións no pagamento de taxas e impostos municipais como o do lixo.

Actualízase o IPC en impostos como o do lixo, vehículos, IBI, imposto de actividades económicas, auga ou deportes. Pero ademais se manteñen todas as bonificacións que xa veu aprobando este goberno dende o ano 2007. Así se mantén o sistema especial do pagamento do IBI que contempla unha bonificación dun 3% no recibo do IBI do que se están a beneficiar xa 2.500 familias.

Tamén se mantén a bonificación do 75% para vehículos ecolóxicos á que están

acollidas 750 familias.

Mantéñense as exencións en función da renda para as axudas no fogar. Mantéñense as exencións nas taxas do lixo para os maiores de 65 anos que viven sós e con renda baixa, con vítimas de violencia de xénero ou de familias monoparentais.

Son rebaixas fiscais que introduciu este goberno que benefician directamente a unhas 10.000 familias viguesas porque en tempos de crise o goberno de Vigo non só non sobe os impostos ós cidadáns, senón que os baixa e amplía os colectivos e as contías das bonificacións fiscais.

Esta actuación en materia de política fiscal é a que nos levou a que Vigo sexa a cidade con menor carga fiscal de Galicia, un 22% inferior á de Ourense ou un 13% inferior á de Pontevedra.

Pero Vigo é tamén unha cidade con menor carga fiscal a nivel nacional xa que a carga fiscal dun cidadán vigués neste momento é a metade da carga fiscal que soporta un cidadán de Madrid. Somos o único Concello que no ano 2010 reduciu os seus impostos. Ampliamos bonificacións fiscais cando os outros as reduciron. Este goberno e o seu alcalde están ó carón da xente cando a xente máis o precisa, con bolsas, con inglés, con humanizacións, con comedores escolares, garderías, co Casco Vello, pero tamén con bonificacións fiscais, con exención de taxas e con redución de impostos.

Esta é a nosa política, traballar para ser a cidade menos endebedada, con menor carga fiscal e con máis investimentos e servizos ós cidadáns.

Non debemos estar errados porque no período de alegacións unicamente se presentaron dúas; unha por parte deste goberno como consecuencia da posta en marcha do novo Plan de estudos de música con itinerarios distintos ós anteriores, o que obriga á necesidade de adaptar as tarifas ós novos itinerarios.

A outra alegación foi a presentada polo Partido Popular que de novo propón medidas que cando gobernaron xamais aplicaron.

Débolle lembrar ó Partido Popular que foi este goberno quen puxo en funcionamento o sistema especial de pagamento do IBI cunha bonificación dun 3% e que foi este goberno quen reduciu os impostos o ano pasado nun 0,2% porque o obxectivo deste goberno é diminuír a carga fiscal de todos os vigueses e viguesas, especialmente a dos colectivos máis desfavorecidas.

Estas ordenanzas fiscais incorporan exencións en taxas ós colectivos máis desfavorecidos, bonificacións en impostos a colectivos con baixo nivel de renda, reducións en prezos públicos; medidas que diminúen a carga fiscal dos cidadáns pero que tamén contribúen a conseguir a igualdade entre todos e a mellorar o benestar social.

Estas ordenanzas fiscais teñen en conta a incidencia da crise económica nos cidadáns e reducen a carga fiscal como nunca antes se fixera na cidade de Vigo. Dez mil familias directamente beneficiadas por medidas postas en marcha por este goberno.

Estas ordenanzas fiscais contemplan menor carga fiscal, pero tamén menor endebedamento e maior investimento e prestación de servizos ós cidadáns. Ese é o noso obxectivo, o noso compromiso e como tal está reflectido nestas ordenanzas fiscais para o ano 2011.

SRA. VELOSO RÍOS: Brevemente porque estamos xa no momento da aprobación final destas novas ordenanzas fiscais do Concello de Vigo e xa se explicou no momento da aprobación inicial cales eran os seus fundamentos e as súas intencións, os seus obxectivos nos que agora insistía a concelleira de Economía e Facenda, D^a Raquel Díaz.

Eu penso que o explicou dunha maneira moi clara e ademais centrándose precisamente nos obxectivos e fundamentos destas ordenanzas fiscais que, nun momento de crise como o que estamos vivindo, no que se acentúan as diferencias sociais e as económicas e aumentan as dificultades para as persoas menos favorecidas, as medidas que non se poden tomar son medidas que igualen. Non podemos tomar medidas de cara á galería, dicir se subimos ou non subimos impostos ou taxas.

Non se trata diso que poden ser declaracións políticas para os titulares de prensa pero que ó final teñen como consecuencia que no momento de crise hai que recortar servizos sociais e aumentar os impostos como está pasando noutros países do noso contorno ou como se está vivindo agora mesmo de maneira especialmente aguda en Irlanda, aínda que tamén noutros países como por exemplo Alemaña, onde se están recortando os servizos sociais e onde tamén están aumentando os impostos.

Este goberno, o goberno do Concello de Vigo, é un goberno de esquerdas e por tanto é un goberno que goberna para todo o mundo e para iso ten que buscar beneficiar a todo o mundo. Nun momento de dificultade económica tense que centrar naqueles que precisan maior apoio.

Xa sabemos que na súa quenda o Partido Popular vainos dar leccións de macro e de micro economía porque desta banda pouco menos que sabemos ler e gracias, pero aínda así temos claro que hai cousas que son dunha maneira e non poden ser doutra. As situacións desiguais non se poden tratar de maneira igual. Nós tratamos ós desiguais de maneira desigual porque é necesario realmente para lograr a igualdade. Iso ten que ser o mesmo no caso das mulleres, no caso das linguas, como no caso da aplicación dunhas ordenanzas fiscais.

Como moi ben explicou xa a concelleira de Economía e Facenda hai evidentes beneficios para as familias da nosa cidade no acceso ós servizos públicos e ós servizos fundamentais nesta cidade, que é o que se pretende tamén con estas novas ordenanzas fiscais.

Non queremos falar da confianza dos investidores, da confianza dos mercados financeiros; queremos falar da confianza da cidadanía e por iso hoxe aprobamos estas ordenanzas fiscais que o que buscan é precisamente iso, a confianza e o apoio á cidadanía por parte do Concello de Vigo e á inversa.

Escoitando as necesidades da xente de Vigo poñemos en marcha unhas ordenanzas que nun momento de crise o que buscan é facilitar o acceso ós servizos públicos porque o que non imos facer é recortar eses servizos públicos.

SR. CONDE GIL: Aquí parece que se está interpretando a vontade do que imos manifestar nós e o primeiro que hai que dicir é que os impostos non baixan.

Empezamos cunha nova que non é propia dos partidos de esquerdas neste país que é recoñecer que existe a crise. Algo avanzamos. Xa non estamos na "champions league" da economía, xa non negamos a crise senón que a recoñecemos. Pero a recoñecemos dunha maneira que ó noso xuízo non é a axeitada, Sra. Díaz e señores do goberno. Nun momento de crise precisamente non hai que subir os impostos nin as taxas municipais, é un erro que ademais se demostrou por exemplo coa suba do IVE a nivel nacional. Subiu o IVE e automaticamente empeorou a economía e coido que isto non é unha lección nin

de macro nin de economía senón que é de sentido común. Prexudicouse a economía a nivel nacional e estamos nunha situación verdadeiramente perigosa. Eu invitaría a acudir ó dicionario da Real Academia que é moi significativo porque o que está claro é que o concepto de baixar impón pagar menos que no exercicio anterior. Neste caso non se dá. Os impostos na cidade de Vigo soben o IPC, un 1,5%, pero soben e pódeo disfrazar como queira, Sra. Díaz, porque xa nos ten acostumados a iso. No ano 2009 os impostos subiron un 4,2% aínda que vostedes o cualificaron como conxelación; os impostos municipais subiron tres veces máis ca o IPC real no 2008 e vostedes tamén falaron de conxelación. Aquí dicía no ano 2009: “Os impostos municipais soben o mesmo que os salarios”. Sra. Díaz, reflexione un pouco cando acuda a un medio de comunicación e faga unha declaración deste tipo. Todos sabemos que os salarios non están a subir, que ós funcionarios se lles reduciron os salarios, que á xente non se lle está actualizando o salario co IPC, sábeo vostede perfectamente e en troques o que pasou neste Concello foi que os impostos subiron.

Agora podemos facer un resume de todo o mandato. Estas son as últimas ordenanzas que aproban vostedes como goberno e temos varios exemplos dos que xa falei no seu día.

O recibo do lixo subiu un 8,12% dende o ano 2007, isto é máis ca o IPC. O recibo do IBI, que por certo antes non o nomeou entre os que non subían, debe ser que dado o ridículo que fixo o ano pasado cando prometeu aquí á xente que non ía subir ese imposto decidiu obvioalo porque subiu un 7,5%. O ano pasado dicía vostede que se ía conxelar: “O Concello baixará os impostos locais un 0,2% no 2010”. Mentira, os impostos locais subiron.

Ademais hoxe introduce un factor de novidade neste debate: establece como método de recadación as multas, alégrome que polo menos o recoñeza. Dixo que se baixou a taxa da multa da ORA ou sexa que está recoñecendo que as multas son un método de recadación deste Concello e así, no orzamento inicial durante os anos 2008 e 2009, ascendían á cantidade de 6.388.000 euros. Recadaron vostedes por multas un 247% máis. Isto válelles para cadrar os orzamentos. “O Concello dobrará as prazas de zona azul onde recadou en medio ano 2.000.000 de multas”. É todo para multas.

Sres. do goberno, se vostedes realmente quixeran facer unha política social

dirixida ás persoas tal como manifestan, o primeiro que terían que facer é escoitar á cidadanía e facer caso das alegacións. O malo é que o manifestan pero non o fan.

Neste intre se produce unha interrupción na intervención do Sr. Conde Gil por alteración da orde por persoas presentes no salón de Plenos pertencentes ó servizo de limpeza dos colexios públicos, tendo que intervir a Presidencia reclamando silencio.

SR. CONDE GIL: En definitiva isto é o que sucede cando non se lle fala á cidadanía. Agardamos que solucionen vostedes o problema que teñen cos colexios, pero nestes momentos estamos a falar das ordenanzas fiscais.

Estaba a dicir antes da interrupción que se vostedes verdadeiramente quixeran facer unha política para as persoas aceptarían as suxestións que lles fixemos ás ordenanzas fiscais porque ían en dous sentidos. Por unha banda, nunha época de crise que vostedes recoñeceron por fin, pedíamos que se aplicase un 0%, que houboese unha conxelación real dos impostos. Aplicar un 1,5% todo o mundo sabe que non é conxelar, é subir. Pois ben, nós pedíamos que se aplicase o 0% e respecto diso o goberno municipal dixo que non como a todo aquilo que se presenta que redunde en beneficio da cidadanía.

Lánzanse a pelota. No informe bótanlle a culpa ó tesoureiro, remítense ó informe do tesoureiro e este bóttalle a culpa a vostede, Sra. Díaz, que lle dá instrucións de que diga que non. Iso é o que sucede, Sra. Díaz.

Por outra banda pedíamos que consonte prevé a lei, se aplicase que a bonificación que hai por domiciliar os recibos, que vostede coñecerá, poida ser de ata un 5%, cousa que xa pedimos en máis ocasións. Pois ben, pedíamos que se aumentase do 3% ó 5% por domiciliar os recibos o que levaría a que máis cidadáns se animasen a domicilialos e obtivesen un beneficio á vez que iso suporía unha mellora na xestión deste Concello que bastante desastrosa é.

Tamén dixeron que non porque vostedes non están con as persoas tal e como presumen. Polo menos recoñézano. Hoxe recoñeceron que estamos en crise, pois agora recoñezan que non están coas persoas e recoñezan que subir un 1,5% non é baixar os impostos, nin sequera conxelalos, pero vostedes xa cunha suba do

4,2 no ano 2009 falaban de conxelación.

Conxelada vai quedar a conta de moitos cidadáns porque a moitos deles, Sra. Díaz, non lles van subir un 1,5% os seus salarios a finais de ano, non sei se o saberá pero llo digo eu, e a aqueles que teñan emprego claro, porque se nos imos á cidade de Vigo, á cidade na que se ía colgar o cartel do pleno emprego, cada día hai máis desempregados, Sra. Díaz.

Está claro que unha familia media viguesa de catro membros vai pagar anualmente en taxas e impostos do Concello 2.000 euros. Moitas familias, máis de 70.000 que viven por debaixo do albor da pobreza nesta cidade. Vostede e máis o alcalde deben vivir de costas á realidade deste Concello, viven instalados nas beirarrúas e non todo é beirarrúas neste mundo. Se se interesase vostede nalgún momento en pasear pola cidade vería como os comedores e os centros sociais cada día teñen máis xente e non crea que é xente..., é xente normal como vostede e coma min que ten que ir alí para lle dar de comer ás súas familias.

Mentres vostedes malgastan nos letreiros, iso si que o saben facer vostedes ben. Queren subir os impostos para poñer máis letreiros pola cidade. Ata na Alameda, para renovar un xardín, Sra. Díaz, poñen vostedes un letreiro de "Alcaldía". É demencial. Mentres sóbenlles os impostos ós cidadáns e rexeitan as propostas do Partido Popular para llos baixar realmente, para facer unha verdadeira política social a través dos impostos e taxas.

Vostedes viven no seu mundo de cor e fantasía que o único que leva é a que na cidade de Vigo cada vez haxa máis enfrontamento social. Aquí temos un exemplo: Vostedes, os partidos de progreso, non se sentan a negociar coa xente. Sra. Díaz, vostedes non solucionan os problemas por unha palabra que lle afecta tanto ó alcalde como a vostede: porque son vostedes uns prepotentes.

Durante a súa intervención, o Sr. Conde Gil foi interrompido en varias ocasións por voces do público asistente á sesión, volvendo advertir a Presidencia da posible suspensión do Pleno de non desistir da súa actitude.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis asistimos ó debate das mentiras do Partido Popular. Dicía o Sr. Conde que non baixaban os impostos e entre outras cousas poñía como exemplo o IBI. Eu teño aquí un recibo do IBI no que se ve que a cota

municipal pasa de 0,758 a 0,756. Se isto non é baixar lémbrolle que vexa “Barrio Sésamo”.

Pero logo tamén falaba da conxelación. Vou ler un titular de prensa de xaneiro do 2007 cando gobernaba a Sra. Porro: “Impostos conxelados en favor do cidadán. O goberno local leva dende o ano 2004 sen subir as taxas municipais para rebaixar a presión fiscal e así aposta por favorecer a economía dos vigueses”. O que fixo a Sra. Porro ata o ano 2007 foi aplicar única e exclusivamente o IPC nun total de 13,42%. Daquela o Partido Popular dicía que era unha conxelación e que non era suba de impostos.

Este goberno nin sequera conxela porque hai baixadas en tarifas, Sr. Conde, lea ben todas as ordenanzas, en concreto a do servizo de asistencia domiciliaria que é o servizo dos dependentes, o servizo que máis necesita a xente e baixa case un 2%. O centro de día baixa, as garderías municipais baixan e o resto conxélase. Pero iso para o Partido Popular é unha suba; iso si, non o é cando gobernan.

Mentres, que fai a Xunta? Porque imos escoitar a linguaxe do Partido Popular: “Hai que estar ó carón da xente, hai que diminuír os impostos” e o martes pasado dicía a prensa: “A Xunta vai recadar 150 millóns de euros máis a través do cobro de impostos”. É dicir, cando goberna o Partido Popular sobe os impostos, pero cando está na oposición di que hai que facer o contrario.

Nós estamos facendo precisamente isto. Estamos facendo o contrario, estamos rebaixando a carga fiscal, favorecendo directamente a través de exencións a 10.000 familias viguesas. O Partido Popular cando gobernaba favoreceu a 50 familias contadas. As únicas bonificacións que contemplou o Partido Popular foron para 50 familias numerosas.

Nós estamos aplicando bonificacións ó centro de día para maiores, ó servizo de asistencia domiciliaria para dependentes, ás taxas das garderías, tanto a matrícula como ás mensualidades. A política de educación para nenos da Xunta foi eliminar os libros de texto gratuítos e agora todas as nais temos que pagar 500 euros máis cada ano para comprar os libros de texto ós cativos, cando no goberno do Partido Socialista os libros dos cativos eran gratis.

O Partido Popular cando goberna deixa ós rapaces sen libros, sen bolsas de comedor, elimina o transporte público. Sr. Conde, algúns nenos teñen problemas para se calzar e vostedes fanlles pagar os libros. Ese é problema.

Vostede fala das necesidades de comedor. Sra. Méndez, Sr. Alcalde, en canto se incrementaron as bolsas de comedor? Case e o triplo do que tiñan vostedes porque nós si que somos conscientes do que pasa nesta cidade. Vostedes non son conscientes e fan un discurso baseado na demagogia.

Este goberno si que está diminuindo os impostos. Traia os recibos, traia o recibo do lixo, o de vehículos, a taxa de matrícula nas escolas municipais; traia absolutamente todos os recibos e verá como todos baixan e o ano que ven baixarán ou actualizarán o IPC. Non hai ningunha suba de impostos.

Pero de novo ó Sr. Conde gústalle mentir, parece que naceu para iso porque dende o primeiro día leva mentindo. Lea a cota municipal, Sr. Conde, que foi a que lin eu.

O único que fixo foi criticar as actuacións do goberno polos carteis. Claro, ó Sr. Conde o único que lle gusta é o cartel da Deputación; un único cartel investindo en Vigo para patrocinar unha baileretada no IFEVI, ese é o único cartel da Deputación. Claro, *mosquéase* porque a cidade está chea de carteis de "Alcaldía" e da "Tenencia de Alcaldía" facendo obras por todo Vigo pero, onde están os carteis da Deputación ou da Xunta facendo obras? Non hai. Iso é o que a Xunta quere a Vigo, iso é o que o Partido Popular quere para Vigo. O Partido Popular non quere a Vigo e demóstrase nos voos de Peinador, en que non apostou polo AVE, en que non apostou por Urzáiz... Non, Sr. Conde, por vostedes tiñamos que dar a volta e ir a Santiago. Non se lembra?

3.7.1.(264) MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 27 de setembro de 2010, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto que se contén no devandito acordo.

Durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 193, de data 6 de outubro de 2010, presentáronse no Rexistro Xeral deste Concello as seguintes alegacións:

- Doc. 100140663. Concellería de Educación. (alegación á ordenanza de

prezos públicos por ensinanzas especiais)

- Doc. 100144960 Grupo municipal Popular. (alegación xeral a todas as ordenanzas)

Con data 15 de novembro, o tesoureiro municipal, coa conformidade da concelleira delegada, informa o que segue en relación coa alegación presentada polo Grupo Popular:

"O art. 9.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL) dispón que "1. (...) poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola Lei. En particular, e nas condicións que poidan prever as devanditas ordenanzas, estas poderán establecer unha bonificación de ata o 5 % da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos."

O establecemento polas entidades locais, a través das súas ordenanzas fiscais, de bonificacións de ata o 5% do importe da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos, trátase, polo tanto, dunha bonificación potestativa da respectiva entidade local.

Neste senso, e ao abeiro do disposto no artigo 9.1 da LRFL, o Pleno do Concello de Vigo acordou, con efectos do 1 de xaneiro de 2009 (BOP 10.12.2008), establecer, para os suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles que o desexen, a aplicación dun SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO para facer efectivas as cotas polo citado imposto que, ademais do fraccionamento da débeda en dous prazos, sen recarga ou interese ningún, permitirá o goce dunha bonificación do 3% na cota do citado Imposto.

Deste xeito, podemos dicir que as notas fundamentais do citado sistema, son as seguintes:

- Pretende FACILITAR O PAGAMENTO DO IBI mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento.
- Pretende INCENTIVAR A DOMICILIACIÓN BANCARIA, como medio de pagamento máis idóneo, tanto para a Administración como para o cidadán, pola súa comodidade, efectividade e simpleza.
- Supón unha REBAIXA NA PRESIÓN FISCAL, ao supor unha aplicación dunha bonificación do 3% na cota do imposto.

Seguindo instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, ao tratarse dunha bonificación cuxo establecemento e contía depende da vontade da respectiva Entidade Local por tratarse dunha bonificación de carácter potestativo, e ter o Concello de Vigo establecido un sistema especial para o pagamento das cotas do IBI que persegue, ademais de incentivar a domiciliación bancaria como medio de pagamento máis idóneo, facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigacións tributarias, mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento, o que supón un importante aforro para os contribuíntes, ao Concello Pleno fórmulase a seguinte proposta:

Rexeitar a suxestión do grupo municipal do Partido Popular de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%.”

A directora de ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, informa o contido da alegación do Grupo Popular, documento número 100144960, solicitando que se amplíe na ordenanza fiscal xeral a bonificación do 3 ao 5%, no caso de domiciliación bancaria, e ao mesmo tempo propoñendo que non se suban os impostos e taxas municipais para o ano 2011, e manifesta que, seguindo instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda desestímase as suxestións formuladas polo Grupo municipal do Partido popular na citada alegación nos termos que constan no informe do tesoureiro transcrito anteriormente a na proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo. A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Rexeitar a suxestión presentada en documento 100144960 polo

Grupo municipal do Partido Popular, de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%, segundo informe de data 15 de novembro asinado polo tesoureiro do Concello e conformado pola Concelleira de Economía e Facenda. Rexeitar, así mesmo, a suxestión de que “non se suban os impostos e taxas municipais” pois o acordo plenario de aprobación provisional de data 27 de setembro de 2010 “non incrementa”. O que fai realmente é “actualizar”, nos termos da variación do IPC entre 30 de abril de 2009 e 30 de abril de 2010, os importes das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano, na contía estrita do dato obtido do INE.

Segundo.- Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, nos termos da súa aprobación provisional no acordo plenario de data 27 de setembro de 2010.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto correspondente a modificacións de ordenanzas fiscais reguladora do imposto sobre bens inmobles, aprobada definitivamente para o exercicio 2011.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido coa finalidade da edición do libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2011.

3.7.2.(265) MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DETRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 27 de setembro de 2010, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, co texto que se contén no devandito acordo.

Durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 193, de data 6 de outubro de 2010, presentáronse no Rexistro Xeral deste Concello as seguintes alegacións:

- Doc. 100140663. Concellería de Educación. (alegación á ordenanza de prezos públicos por ensinanzas especiais)
- Doc. 100144960 Grupo municipal Popular. (alegación xeral a todas as

ordenanzas)

Con data 15 de novembro, o tesoureiro municipal, coa conformidade da concelleira delegada, informa o que segue en relación coa alegación presentada polo Grupo Popular:

"O art. 9.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL) dispón que "1. (...) poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola Lei. En particular, e nas condicións que poidan prever as devanditas ordenanzas, estas poderán establecer unha bonificación de ata o 5 % da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos."

O establecemento polas entidades locais, a través das súas ordenanzas fiscais, de bonificacións de ata o 5% do importe da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos, trátase, polo tanto, dunha bonificación potestativa da respectiva entidade local.

Neste senso, e ao abeiro do disposto no artigo 9.1 da LRFL, o Pleno do Concello de Vigo acordou, con efectos do 1 de xaneiro de 2009 (BOP 10.12.2008), establecer, para os suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles que o desexen, a aplicación dun SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO para facer efectivas as cotas polo citado imposto que, ademais do fraccionamento da débeda en dous prazos, sen recarga ou interese ningún, permitirá o goce dunha bonificación do 3% na cota do citado Imposto.

Deste xeito, podemos dicir que as notas fundamentais do citado sistema, son as seguintes:

- Pretende FACILITAR O PAGAMENTO DO IBI mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento.
- Pretende INCENTIVAR A DOMICILIACIÓN BANCARIA, como medio de pagamento máis idóneo, tanto para a Administración como para o cidadán, pola súa comodidade, efectividade e simpleza.
- Supón unha REBAIXA NA PRESIÓN FISCAL, ao supor unha aplicación dunha bonificación do 3% na cota do imposto.

Seguindo instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, ao tratarse dunha bonificación cuxo establecemento e contía depende da vontade da respectiva Entidade Local por tratarse dunha bonificación de

carácter potestativo, e ter o Concello de Vigo establecido un sistema especial para o pagamento das cotas do IBI que persegue, ademais de incentivar a domiciliación bancaria como medio de pagamento máis idóneo, facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigacións tributarias, mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento, o que supón un importante aforro para os contribuíntes, ao Concello Pleno formúlase a seguinte proposta:

Rexeitar a suxestión do grupo municipal do Partido Popular de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%.”

A directora de ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, informa o contido da alegación do Grupo Popular, documento número 100144960, solicitando que se amplíe na ordenanza fiscal xeral a bonificación do 3 ao 5%, no caso de domiciliación bancaria, e ao mesmo tempo propoñendo que non se suban os impostos e taxas municipais para o ano 2011, e manifesta que, seguindo instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda desestímense as suxestións formuladas polo Grupo municipal do Partido popular na citada alegación nos termos que constan no informe do tesoureiro transcrito anteriormente a na proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo. A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Rexeitar a suxestión presentada en documento 100144960 polo Grupo municipal do Partido Popular, de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%, segundo informe de data 15 de novembro asinado

polo tesoureiro do Concello e conformado pola Concelleira de Economía e Facenda. Rexeitar, así mesmo, a suxestión de que “non se suban os impostos e taxas municipais” pois o acordo plenario de aprobación provisional de data 27 de setembro de 2010 “non incrementa”. O que fai realmente é “actualizar”, nos termos da variación do IPC entre 30 de abril de 2009 e 30 de abril de 2010, os importes das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano, na contía estrita do dato obtido do INE.

Segundo.- Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, nos termos da súa aprobación provisional no acordo plenario de data 27 de setembro de 2010.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto correspondente a modificacións de ordenanzas fiscais reguladora do imposto sobre bens inmobles, aprobada definitivamente para o exercicio 2011.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido coa finalidade da edición do libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2011.

3.7.3.(266) MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 27 de setembro de 2010, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas, co texto que se contén no devandito acordo.

Durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 193, de data 6 de outubro de 2010, presentáronse no Rexistro Xeral deste Concello as seguintes alegacións:

- Doc. 100140663. Concellería de Educación. (alegación á ordenanza de prezos públicos por ensinanzas especiais)
- Doc. 100144960 Grupo municipal Popular. (alegación xeral a todas as ordenanzas)

Con data 15 de novembro, o tesoureiro municipal, coa conformidade da

concelleira delegada, informa o que segue en relación coa alegación presentada polo Grupo Popular:

"O art. 9.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL) dispón que "1. (...) poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola Lei. En particular, e nas condicións que poidan prever as devanditas ordenanzas, estas poderán establecer unha bonificación de ata o 5 % da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos."

O establecemento polas entidades locais, a través das súas ordenanzas fiscais, de bonificacións de ata o 5% do importe da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos, trátase, polo tanto, dunha bonificación potestativa da respectiva entidade local.

setembro de 2010 “non incrementa”. O que fai realmente é “actualizar”, nos termos da variación do IPC entre 30 de abril de 2009 e 30 de abril de 2010, os importes das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano, na contía estrita do dato obtido do INE.

Segundo.- Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización do “Verbum-Casa das Palabras” 2011, nos termos da súa aprobación provisional no acordo plenario de data 27 de setembro de 2010.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto correspondente a modificacións de ordenanzas fiscais reguladora do imposto sobre bens inmobles, aprobada definitivamente para o exercicio 2011.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido coa finalidade da edición do libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2011.

3.7.25.(288) MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES AO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 27 de setembro de 2010, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ao Instituto Municipal dos Deportes, co texto que se contén no devandito acordo.

Durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 193, de data 6 de outubro de 2010, presentáronse no Rexistro Xeral deste Concello as seguintes alegacións:

- Doc. 100140663. Concellería de Educación. (alegación á ordenanza de prezos públicos por ensinanzas especiais)
- Doc. 100144960 Grupo municipal Popular. (alegación xeral a todas as ordenanzas)

Con data 15 de novembro, o tesoureiro municipal, coa conformidade da concelleira delegada, informa o que segue en relación coa alegación presentada

polo Grupo Popular:

"O art. 9.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL) dispón que "1. (...) poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola Lei. En particular, e nas condicións que poidan prever as devanditas ordenanzas, estas poderán establecer unha bonificación de ata o 5 % da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos."

O establecemento polas entidades locais, a través das súas ordenanzas fiscais, de bonificacións de ata o 5% do importe da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos, trátase, polo tanto, dunha bonificación potestativa da respectiva entidade local.

Neste senso, e ao abeiro do disposto no artigo 9.1 da LRFL, o Pleno do Concello de Vigo acordou, con efectos do 1 de xaneiro de 2009 (BOP 10.12.2008), establecer, para os suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles que o desexen, a aplicación dun SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO para facer efectivas as cotas polo citado imposto que, ademais do fraccionamento da débeda en dous prazos, sen recarga ou interese ningún, permitirá o goce dunha bonificación do 3% na cota do citado Imposto.

Deste xeito, podemos dicir que as notas fundamentais do citado sistema, son as seguintes:

- Pretende FACILITAR O PAGAMENTO DO IBI mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento.
- Pretende INCENTIVAR A DOMICILIACIÓN BANCARIA, como medio de pagamento máis idóneo, tanto para a Administración como para o cidadán, pola súa comodidade, efectividade e simpleza.
- Supón unha REBAIXA NA PRESIÓN FISCAL, ao supor unha aplicación dunha bonificación do 3% na cota do imposto.

Seguindo instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, ao tratarse dunha bonificación cuxo establecemento e contía depende da vontade da respectiva Entidade Local por tratarse dunha bonificación de carácter potestativo, e ter o Concello de Vigo establecido un sistema especial para o pagamento das cotas do IBI que persegue, ademais de incentivar a domiciliación bancaria como medio de pagamento máis idóneo, facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigacións tributarias, mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin

intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento, o que supón un importante aforro para os contribuíntes, ao Concello Pleno formúlase a seguinte proposta:

Rexeitar a suxestión do grupo municipal do Partido Popular de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%.”

A directora de ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, informa o contido da alegación do Grupo Popular, documento número 100144960, solicitando que se amplíe na ordenanza fiscal xeral a bonificación do 3 ao 5%, no caso de domiciliación bancaria, e ao mesmo tempo propoñendo que non se suban os impostos e taxas municipais para o ano 2011, e manifesta que, seguindo instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda desestímase as suxestións formuladas polo Grupo municipal do Partido popular na citada alegación nos termos que constan no informe do tesoureiro transcrito anteriormente a na proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Rexeitar a suxestión presentada en documento 100144960 polo Grupo municipal do Partido Popular, de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%, segundo informe de data 15 de novembro asinado polo tesoureiro do Concello e conformado pola Concelleira de Economía e Facenda. Rexeitar, así mesmo, a suxestión de que “non se suban os impostos e taxas municipais” pois o acordo plenario de aprobación provisional de data 27 de

setembro de 2010 “non incrementa”. O que fai realmente é “actualizar”, nos termos da variación do IPC entre 30 de abril de 2009 e 30 de abril de 2010, os importes das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano, na contía estrita do dato obtido do INE.

Segundo.- Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ao Instituto Municipal dos Deportes , nos termos da súa aprobación provisional no acordo plenario de data 27 de setembro de 2010.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto correspondente a modificacións de ordenanzas fiscais reguladora do imposto sobre bens inmobles, aprobada definitivamente para o exercicio 2011.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido coa finalidade da edición do libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2011.

3.7.26.(289) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE ENSEÑANZAS ESPECIAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, en sesión do día 27 de setembro de 2010, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanza especiais e outras actividades en establecementos municipais, co texto que se contén no devandito acordo.

Durante o prazo sinalado no edito do Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 193, de data 6 de outubro de 2010, presentáronse no Rexistro Xeral deste Concello as seguintes alegacións:

- Doc. 100140663. Concellería de Educación. (alegación á ordenanza de prezos públicos por ensinanza especiais)
- Doc. 100144960 Grupo municipal Popular. (alegación xeral a todas as ordenanzas)

Con data 15 de novembro, o tesoureiro municipal, coa conformidade da concelleira delegada, informa o que segue en relación coa alegación presentada

polo Grupo Popular:

"O art. 9.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL) dispón que "1. (...) poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as entidades locais establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola Lei. En particular, e nas condicións que poidan prever as devanditas ordenanzas, estas poderán establecer unha bonificación de ata o 5 % da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos."

O establecemento polas entidades locais, a través das súas ordenanzas fiscais, de bonificacións de ata o 5% do importe da cota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira, anticipen pagos ou realicen actuacións que impliquen colaboración na recadación de ingresos, trátase, polo tanto, dunha bonificación potestativa da respectiva entidade local.

Neste senso, e ao abeiro do disposto no artigo 9.1 da LRFL, o Pleno do Concello de Vigo acordou, con efectos do 1 de xaneiro de 2009 (BOP 10.12.2008), establecer, para os suxeitos pasivos do imposto sobre bens inmobles que o desexen, a aplicación dun SISTEMA ESPECIAL DE PAGAMENTO para facer efectivas as cotas polo citado imposto que, ademais do fraccionamento da débeda en dous prazos, sen recarga ou interese ningún, permitirá o goce dunha bonificación do 3% na cota do citado Imposto.

Deste xeito, podemos dicir que as notas fundamentais do citado sistema, son as seguintes:

- Pretende FACILITAR O PAGAMENTO DO IBI mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento.
- Pretende INCENTIVAR A DOMICILIACIÓN BANCARIA, como medio de pagamento máis idóneo, tanto para a Administración como para o cidadán, pola súa comodidade, efectividade e simpleza.
- Supón unha REBAIXA NA PRESIÓN FISCAL, ao supor unha aplicación dunha bonificación do 3% na cota do imposto.

Seguindo instrucións da concelleira delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, ao tratarse dunha bonificación cuxo establecemento e contía depende da vontade da respectiva Entidade Local por tratarse dunha bonificación de carácter potestativo, e ter o Concello de Vigo establecido un sistema especial para o pagamento das cotas do IBI que persegue, ademais de incentivar a domiciliación bancaria como medio de pagamento máis idóneo, facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigacións tributarias, mediante a concesión automática dun fraccionamento en dous prazos, sen recargas nin

intereses, nin necesidade de presentar aval nin outra garantía do pagamento, o que supón un importante aforro para os contribuíntes, ao Concello Pleno formúlase a seguinte proposta:

Rexeitar a suxestión do grupo municipal do Partido Popular de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%.”

A directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda, informa o que segue en relación coa alegación presentada pola Concellería de Educación:

“No Boletín Oficial da Provincia de 6 de outubro de 2010 e na prensa local con data 8 de outubro de 2010, foron publicados senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria de 27 de setembro de 2010 sobre Modificacións de Ordenanzas Fiscais e de Prezos Públicos contidas nos puntos 3.9 a 3.34 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 7 de outubro e 12 novembro pasado, tivo entrada no rexistro xeral as seguintes alegacións:

- Documento nº 100140663 con data de entrada no Rexistro Xeral de 4/11/10 constitutivo da alegación formulada por D. Ignacio Ojea Pérez na súa condición de Técnico Superior de Educación e D. Rafael Ojea Pérez na súa condición de Xefe de Servizo de Educación e a Sra. Concellera de Educación D^a Laura López Atrio.

- Documento nº 100144960 con data de entrada no Rexistro Xeral de 12/11/10 constitutivo das reclamacións e suxestións formuladas por D. Jorge Conde Gil en representación do Grupo municipal do Partido Popular neste Concello

O contido da alegación documento nº 100140663 alude á Modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais en establecementos municipais para o ano 2011 con motivo de que con data 30 de outubro de 2010 asinouse o novo contrato para a xestión da Escola Municipal de Música de Vigo (expediente 11739-332).

Como consecuencia da súa posta en marcha, o novo plan de estudos de música, aínda que presentan significativas semellanzas co anterior, contén novidades e singularidades que obrigan a este Servizo de Educación a solicitar á adecuación, tanto da redacción como do importe das taxas establecidas no artigo 3 c) “Escola Municipal de Música” da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais.

Así propónse a unificación nunha taxa común a matrícula e mensualidades dos diferentes Itinerarios Instrumentais, Básico I e II e Avanzado, nunha cantidade resultante da media dos importes dos itinerarios anterior, pola unificación de horas e grupos que supón o novo plan de estudos, manténdose o importe de Itinerario Música e Movemento, asociado o novo Itinerario Profesional ao anterior Nivel III, e propoñendo un novo importe para o novo Itinerario For-Grup, nas súas dúas modalidades.

O Contido da alegación documento nº 100144960 solicita que se amplíe na Ordenanza Fiscal Xeral a bonificación do 3 ao 5% no caso de domiciliación bancaria, e ao mesmo tempo propoñen que non se suban os impostos e taxas municipais para o ano 2011.

Segundo instrucións da Sra. Concelleira delegada de Economía e Facenda estímase a alegación nº 100140663 nos termos que constan na proposta e desestímase as suxestións presentadas polo Grupo municipal do Partido Popular na alegación nº 100144960 nos termos que constan no informe de data 15 de novembro de 2010 do Sr. Tesoureiro e nesta proposta.”

Polo anteriormente exposto a directora de Ingresos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Estimar a alegación, documento nº 100140663, que alude á Modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de ensinanzas especiais en establecementos municipais para o ano 2011 xa que con data 30 de outubro de 2010 asinouse o novo contrato para a xestión da Escola Municipal de Música de Vigo (expediente 11739-332). Como consecuencia da súa

posta en marcha, o novo plan de estudos de música, aínda que presentan significativas semellanzas co anterior, contén novidades e singularidades que obrigan ó Servizo de Educación a solicitar a adecuación, tanto da redacción como do importe das taxas establecidas no artigo 3 c).

Segundo.- Rexeitar a suxestión presentada en documento 100144960 polo Grupo municipal do Partido Popular, de establecer unha bonificación por domiciliación bancaria do 5%, segundo informe de data 15 de novembro asinado polo tesoureiro do Concello e conformado pola Concelleira de Economía e Facenda. Rexeitar, así mesmo, a suxestión de que “non se suban os impostos e taxas municipais” pois o acordo plenario de aprobación provisional de data 27 de setembro de 2010 “non incrementa”. O que fai realmente é “actualizar”, nos termos da variación do IPC entre 30 de abril de 2009 e 30 de abril de 2010, os importes das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano, na contía estrita do dato obtido do INE.

Terceiro.- Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas especiais e outras actividades en establecementos municipais, nos termos da súa aprobación provisional no acordo plenario de data 27 de setembro de 2010 agás as seguintes modificacións:

ARTIGO 3.- CONTÍA

As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

c) Escola Municipal de Música:

Itinerario Música e Movemento:

- Matrícula 41,20 €
- 10 mensualidades de 16,35 €

Itinerarios Instrumental Básico (I e II) e Avanzado:

- Matrícula 62,85 €
- 10 mensualidades de 24,95 €

Itinerario For-Grup (só unha agrupación):

- Matrícula 50,75 €
- 10 mensualidades de 20,30 €

Itinerario For-Grup (agrupación+formación complementaria):

- Matrícula 50,75 €
- 10 mensualidades de 30,45 €

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Con carácter excepcional, neste primeiro curso de posta en marcha dos novos itinerarios da Escola de Música, os obrigados ao pagamento deberán ingresar no mes de xaneiro de 2011 os importes correspondentes as matrículas e mensualidades de outono, novembro e decembro de 2010

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2011, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Cuarto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto correspondente a modificacións de ordenanzas fiscais reguladora do imposto sobre bens inmobles, aprobada definitivamente para o exercicio 2011.

Quinto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido coa finalidade da edición do libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2011.

3.8.-(290). DAR CONTA DA TRAMITACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE EMERXENCIA DA CONTRATACIÓN DE OBRAS DE SEGURIDADE NOS NOIROS PERIGOSOS DA RÚA ESPÍÑEIRO. EXPTE. 610/440

ANTECEDENTES.- Con data 10 de marzo de 2009 o xefe de área de Servizos Xerais emitiu o seguinte informe sobre “Estabilización e bulonado de noiros na rúa Espiñeiro-Baixada á Punta Lagoa”:

“Debido aos temporais que aconteceron en días pasados, producíronse unha serie de caídas e desprendementos de terra nos noiros da marxe dereita e esquerda do vial de acceso á Punta Lagoa na Guía, Vigo.

Motivado por esta situación de perigo decidiuse cortar o tráfico rodado neste vial para sanear dito desmante.

No transcurso do saneado dos noiros comprobouse que o desmante presenta diversas inestabilidades que se consideran como potenciais caídas que será necesario corrixir.

A pesar de estar este vial pechado ao paso de peóns e vehículos, a realidade e que seguen pasando tantos uns como outros, expoñéndose ao risco de poder

S. Ordinaria 29.11.10

quedar enterrados baixo algún desprendemento de terras tal e como se describe no informe que se achega do enxeñeiro de minas e o xeólogo da enxeñería GOC de data 11 de marzo de 2009.

De acordo coa Lei de contratos das administracións públicas que no seu artigo 72 "Tramitación de emerxencia" di:

Cando a administración teña que actuar de maneira inmediata a causa de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo estarase ao seguinte réxime excepcional:

a) O órgano de contratación competente, sen obriga de tramitar expediente administrativo, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido, satisfacer a necesidade sobrevida ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na Lei de contratos, incluso o da existencia de crédito suficiente.

Dado o perigo que supón tanto para os peóns como para o tráfico rodado, o técnico que subscribe propón que se inicie a tramitación dun expediente polo procedemento de emerxencia para a contratación inmediata das obras de "Estabilización de noiro e bulonado na rúa Espiñeiro-Baixada á Punta Lagoa, na parroquia de Teis."

Novamente o 15 de novembro de 2010 o xefe da área de Servizos Xerais emite informe, conformado pola concelleira-delegada de área, no seguinte sentido:

"Con data 10 de marzo de 2009, o técnico que subscribe emitiu informe (copia no expediente) propoñendo o inicio dun expediente para a contratación das obras de estabilización de noiro e bulonado na rúa Espiñeiro-Baixada á Punta Lagoa, na parroquia de Teis, por un procedemento de emerxencia, en base ao artigo 72 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, por motivos de garantir a seguridade vial.

Con data 12 de marzo de 2009, o alcalde resolveu, polos motivos indicados no informe, a contratación das citadas obras polo procedemento de emerxencia, dándose conta á Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de marzo, pese a non existir crédito adecuado e suficiente no orzamento de gastos para facerlle fronte.

Todas as actuacións realizadas neste procedemento de emerxencia foron dirixidas a executar, coa urxencia que as circunstancias técnicas demandaban, as obras de seguridade e aseguramento de noiros perigosos da rúa Espiñeiro realizadas pola empresa Hidroscivil S.L. (acompañase copia da acta de recepción de data 2 de xullo de 2009), así como os servizos necesarios de redacción de proxecto, asistencia técnica e estudo xeotécnico complementario realizados pola empresa G.O.C., S.A.

No orzamento vixente para o exercicio 2010, existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.227.06.00, para facer fronte ao pagamento dos servizos prestados pola empresa G.O.C., S.A., e no orzamento municipal para 2011, aprobado de forma provisional, inclúese a aplicación orzamentaria necesaria para aboar os gastos da execución das obras á empresa Hidrosocivil S.L.

Polo tanto, tras dar conta ao Pleno, procederase de inmediato ao abono dos servizos prestados pola empresa G.O.C. S.A., e, tan pronto se aproben de forma definitiva e estean operativos os orzamentos para o exercicio 2011, procederase ao abono das obras executadas pola empresa Hidrosocivil S.L.

Á vista do exposto, dáse conta ao Pleno da Excma Corporación do Concello de Vigo das referidas actuacións.”

A Comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 22 de novembro de 2010, tomou coñecemento dos anteriores informes.

O Pleno da Corporación toma coñecemento das actuacións do expediente 610/440 de “Tramitación polo procedemento de emerxencia da contratación das obras de seguridade dos noiros perigosos da rúa Espiñeiro”, e en concreto dos informes do xefe de área de Servizos Xerais do 10 de marzo de 2009 e do 15 de novembro de 2010 que figuran nos antecedentes.

3.9.-(291). DENOMINACIÓN DE RÚAS NA PARROQUIA DE ZAMÁNS. EXPTE. 12494/331.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 16 de novembro de 2010 polo xefe do departamento de Cultura:

“Con data 15 de setembro de 2010 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008, resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rúeiro do Concello de Vigo de diversos nomes do Barrio de Cidáns, Barrio da Igrexa, Barrio de Marcosende e Barrio de Vilaverde, correspondentes á Parroquia de Zamáns

O expediente iníciase coa solicitude da AVCR San Mamede de Zamáns, de data 26 de agosto de 2010, presentada no Rexistro Xeral deste Concello.

Solicitáronse informes aos Servizos de Estatística e de Normalización Lingüística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística informa con data 15 de novembro de 2010 que algunhas das denominacións solicitadas pola Asociación xa existían no rueiro, polo que realizan consulta co Servizo de Normalización Lingüística de posible toponimia alternativa. Informada a AVCR San Mamede de Zamáns das modificacións á súa petición están de acordo coas propostas de nomes alternativos. O Servizo de estatística delimita os tramos que poderían acoller estas denominacións propostas.

O Servizo de Normalización Lingüística, con data 16 de novembro de 2010, informa favorablemente ás denominacións.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Visto o anterior, coa mesma data do 16 de novembro o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Romero Rodríguez do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

- Denominar “Subida ao Ferro Vello” ao tramo de vial público que comeza na Estrada de Ferro Vello e remata no cruzamento das Estradas de Cidáns e San Cosme, no barrio de Cidáns.
- Denominar “Camiño da Menda do Salgueiro” ao tramo de vial público que comeza no nº 64 da Estrada de Cidáns e remata sen saída, no barrio de Cidáns.
- Denominar “Camiño da Fonte do Seixo” ao tramo de vial público que comeza no nº 24 da Estrada de Cidáns e remata na Estrada de Zamáns nº

S. Ordinaria 29.11.10

279, no barrio de Cidáns.

- Denominar “Camiño da Morena” ao tramo de vial público que comeza no nº 47 da Estrada de Cidáns e remata sen saída, no barrio de Cidáns.
- Denominar “Camiño Outeiro de Cidáns” ao tramo de vial público que comeza no nº 3 da Estrada de Cidáns e remata no nº 7 da Estrada de Cidáns, no barrio de Cidáns.
- Denominar “Camiño das Casas das Eiras” ao tramo de vial público que comeza no nº 55 da Estrada de Cidáns e remata no nº 33 da Estrada de Cidáns, no barrio de Cidáns.
- Denominar “Camiño Sueido” ao tramo de vial público que comeza no nº 70 da Estrada da Igrexa e remata no nº 2 da Estrada de Vilaverde, no barrio da Igrexa.
- Denominar “Subida aos Padróns” ao tramo de vial público que comeza no nº 45 da Estrada da Igrexa e remata no nº 268 da Estrada da Igrexa, no barrio da Igrexa.
- Denominar “Camiño da Cuvela” ao tramo de vial público que comeza no nº 69 da Estrada da Igrexa e remata no nº 97 da Estrada da Igrexa, no barrio da Igrexa.
- Denominar “Camiño Chan da Rabicha” ao tramo de vial público que comeza no nº 246 da Estrada de Zamáns e remata no nº 161 da Estrada de Igrexa, no barrio da Igrexa.
- Denominar “Camiño da Arrouba” ao tramo de vial público que comeza no nº 12 da Estrada da Igrexa e remata no nº 50 da Estrada da Igrexa, no barrio da Igrexa.
- Denominar “Camiño das Charruadas” ao tramo de vial público que comeza no nº 43 da Estrada de Marcosende e remata no nº 149 da Estrada do Portal, no barrio de Marcosende.
- Denominar “Camiño das Areeiras” ao tramo de vial público que comeza no nº 59 da Estrada de Marcosende e remata sen saída, no barrio de Marcosende.
- Denominar “Camiño da Xinela” ao tramo de vial público que comeza no nº 15 da Estrada de Marcosende e remata sen saída, no barrio de Marcosende.
- Denominar “Camiño dos Bugallos” ao tramo de vial público que comeza no nº 18 da Estrada de Marcosende e remata sen saída, no barrio de Marcosende.
- Denominar “Camiño do Sanguiñal” ao tramo de vial público que comeza no

nº 36 da Estrada do Marcosende e remata sen saída, no barrio de Marcosende.

- Denominar “Camiño dos Castiñeiros” ao tramo de vial público que comeza no nº 94 da Estrada de Marcosende e remata sen saída, no barrio de Marcosende.
- Denominar “Camiño do Bouzachán” ao tramo de vial público que comeza no nº 137 da Estrada de Marcosende e remata sen saída, no barrio de Marcosende.
- Denominar “Camiño das Viñas” ao tramo de vial público que comeza no nº 50 da Estrada da Igrexa e remata no nº 50 da Estrada de Vilaverde, no barrio de Vilaverde.
- Denominar “Camiño das Pugulleiras” ao tramo de vial público que comeza no nº 55 da Estrada de Vilaverde e remata no nº 11 do Camiño Casal de Abade, no barrio de Vilaverde.

3.10.-(292). DENOMINACIÓN “PARQUE DOS CAPUCHINOS” Ó PARQUE SITUADO ENTRE A RÚA PIZARRO E A RÚA VÁZQUEZ VARELA. EXPTE. 12598/331.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 16 de novembro de 2010 polo xefe do departamento de Cultura:

“Con data 30 de setembro de 2010 o Concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación, en virtude da resolución de competencias da Alcaldía de data 5 de xullo de 2008 resolveu que polo departamento de Cultura se inicien as xestións necesarias para que polo Pleno da Corporación se acorde a inclusión no rueiro do Concello de Vigo do seguinte nome:

➤ Capuchinos

O expediente iníciase coa solicitude de data 21 de abril de 2010 presentada por dona Carmen Rodal González, coordinadora da *Pastoral de la Salud* da parroquia “María Nai do Bo Pastor”, no seu nome e no de outros colectivos.

Solicitouse informe ao Servizo de Estatística sobre diversos aspectos que inciden no acordo de nomeamento de rúas.

O Servizo de Estatística, con data 5 de novembro de 2010, informa que a denominación “Capuchinos” non existe no rueiro municipal e propón como

espazo público o parque obtido do desenvolvemento do API-68 (Pizarro) sito entre a rúa Pizarro e a rúa Vázquez Varela como “Parque dos Capuchinos”.

O Regulamento de honras e distincións establece no seu artigo 4º que “A moción, proposta ou peticións despois de ser informada pola Comisión de Cultura, someterase ao Pleno da Corporación, debéndose conseguir o acordo, con votación favorable da maioría absoluta dos seus compoñentes (14 votos)”. Na práctica vense aplicando este mesmo criterio ao resto de denominacións no rueiro (topónimos e outras).”

Visto o anterior, coa mesma data do 16 de novembro o concelleiro delegado de Cultura e Animación Sociocultural emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Romero Rodríguez do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Denominar “Parque dos Capuchinos” ao parte obtido do desenvolvemento do API-68 (Pizarro), situado entre a rúa Pizarro e a rúa Vázquez Varela.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se formulan.

De conformidade co acordo plenario, neste intre todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (293). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DEMANDANDO ATENCIÓN E SERVIZOS DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA. EXPTE. 64/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de outubro, expediente 64/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“Existe moita preocupación entre a cidadanía pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos.

Nos últimos anos estamos observando e sufrindo unha deterioración dos servizos públicos que se concretan no caso da sanidade nun incremento das listas de espera, mesmo en atención primaria; nun incremento da derivación a centros privados concertados; no peche dos hospitais pola tarde, na paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e ultimamente na ameaza de privatización e financiamento público privado das novas infraestruturas sanitarias. Todo isto acompañado e, en parte, motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondente.

Creemos que estamos ante un momento importante para o noso Concello, no que a Corporación Municipal, como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, debe estar á altura do que os veciños e veciñas demandan e traballar conxuntamente para que no noso concello se poida dispor e acceder a servizos da sanidade públicos de calidade.

Non se pode nin se deben admitir os intolerábeis niveis de saturación e de falta de medios e de recursos sanitarios que se están a producir. Os concellos da Área de Saúde á que pertencemos, necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais de contratación de persoal, cubrindo en todo momento o 100% das ausencias por enfermidade, permisos e vacacións, que eviten a actual mingua da calidade asistencial.

Segundo.- Esixir que, de forma inmediata, se doten dos recursos necesarios os centros de saúde do Concello para evitar listas de espera.

Terceiro.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

Cuarto.- Manter o Plan de Mellora de Atención Primaria, garantindo a adecuación dos tempos de consulta médica, a extensión dos coidados e plans de coidados de enfermaría e dos servizos administrativos de atención ao usuario.

Quinto.- Redución drástica das listas de espera e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos.

Sexto.- Paliar a carencia de recursos públicos socio-sanitarios da Área Sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Sétimo.- Manter os compromisos económicos establecidos coa nosa Área Sanitaria, para desenvolver o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e o Plan de Investimentos en Alta Tecnoloxía Médica.

Oitavo.- Financiar a construción e equipamento de infraestruturas sanitarias mediante financiamento público 100% a través do capítulo IV de orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

Noveno.- Apoiar cos medios dispoñíbeis as actuacións das organizacións de defensa da sanidade pública galega e local.

Décimo.- Trasladar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, á Conselleira de Sanidade e ao conxunto da poboación, dándolle a máxima difusión posíbel cos medios dispoñíbeis no Concello.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de novembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: En primeiro lugar quero saudar a todo o público e supoño que neste punto todos estaremos de acordo porque imos falar da sanidade pública, unha cuestión que afecta a todos e todas os vigueses.

Quero comezar co título da moción e dende aquí seguir a reivindicar que Vigo ten dereito a unha sanidade pública. Boto de menos que o Partido Popular non estea sentado nos seus asentos porque foise moita xente, ó mellor levantáronse porque non queren oír á cidadanía, non quixeron oír cando corenta mil persoas manifestáronse para dicir “Queremos sanidade pública, queremos un hospital público”.

Queremos reivindicar unha sanidade pública onde primen os valores que sempre primaron: a universalidade, a gratuidade, a equidade, o carácter redistributivo, a planificación segundo as necesidades e non para aqueles que poidan pagar a sanidade.

Vigo ten dereito a non seguir discriminado coma o foi ata o de agora. Ten dereito a ter máis centros de saúde e unha atención hospitalaria que ata agora nunca tivo. Mentres en Coruña e en Santiago había hospitais, en Vigo tiñamos déficit de hospitais e de camas públicas. Dende que chegou o goberno do partido Popular o Sr. Feijóo decidiu que había que privatizar e adicouse a privatizar o sistema sanitario público galego.

O que significa a privatización, o que potencia, é que aumenta o gasto sanitario pero en absoluto mellora a calidade da sanidade que se lles da aos pacientes. A privatización reduce os postos de traballo para abaratar os custos pero volve repercutir na diminución da calidade da sanidade. A privatización e a política do Partido Popular potencian a medicina especializada en contra da primaria que é a porta de entrada e é fundamental.

Todas as políticas de privatización levan ao copagamento, o que obriga aos pacientes a pagar, polo que quen ten máis pagaran e os que teñen menos, os máis necesitados, as persoas maiores, as persoas que teñen escasos recursos non se poderán permitir o luxo de pagar a sanidade. Esas son as políticas de privatización do Partido Popular.

O Goberno galego reduce en 140 millóns o presuposto da sanidade pública, menos cartos para os nosos centros de saúde, para os nosos hospitais públicos. Iso si, fai un pacto coas empresas privadas e vai construír o hospital de Vigo que inicialmente custaba 375 millóns e nolo vai transformar un hospital que acabaremos de pagar dentro de vinte anos e vainos custar 1.525 millóns de euros. Iso é o que está a facer o Partido Popular.

Para mostra sirva o dato de que non só está a facer unha privatización dos servizos de sanidade e dos hospitais, senón tamén que agora adícase a privatizar os centros de día. Non ten previsto para Vigo nin un só centro de día máis, agás os xa presupostados polo Goberno bipartito.

Cada vez se deteriorará máis a calidade, espéranos unha sanidade privada e isto é o que quere o partido Popular. Por iso presentamos esta moción e esperamos o

apoio de todos.

SR. LÓPEZ FONT: É evidente que en Vigo existe unha preocupación pola sanidade pública e polas políticas que está a levar a cabo o Goberno do Sr. Núñez Feijóo. Para os socialistas os tres piares básicos sempre foron a sanidade, a educación e o benestar e por iso trouxemos a este país a sanidade universalizada e gratuíta. Unha sanidade que foi difícil acadala e que é difícil e custosa de manter.

Fronte a isto o Partido Popular sempre estivo a favor da privatización. Os goberno de Aznar e de Fraga foron o mellor exemplo disto pero segue a selo alí onde goberna o Partido Popular. Madrid e Valencia cunha sanidade pública deteriorada son o mellor exemplo e onde debemos mirar os galegos para que non nos pase o mesmo.

Lamentablemente Galicia sempre estivo gobernada polo Partido Popular agás catro anos. Só neses catro anos de goberno do presidente Sr. Pérez Touriño, foi cando se fixo unha aposta forte pola sanidade pública e hoxe demóstrase o contraste dun goberno fronte do outro. Fraga despediuse do goberno galego cun proxecto necesario de hospital para Vigo de 400 camas e o goberno do Sr. Pérez Touriño programou un hospital de 1.500 camas.

Pero Núñez Feijóo enganou a toda Galicia. En campaña electoral tiña fórmulas máxicas para en 45 días solucionar todos os problemas deste país, máis ca un candidato á presidencia da Xunta parecía un mago que por arte de maxia ía solucionar todo en moi pouco días. Pero a situación da sanidade hoxe en Galicia é de listas de espera maiores cando parecía que as ían solucionar en moi pouco tempo, está demostrado que trucadas, incremento e engano nos datos das listas de espera, presuposto global da sanidade reducido.

É a terceira comunidade autónoma de toda España que máis reduce o seu presuposto e onde tivo maior caída e cando se fala de sanidade non serve, Sres. do Partido Popular, a argumentación de que nos atopamos nunha situación de crise. Aquí demóstrase como gobernamos uns e como gobernan outros, como o goberno municipal de Vigo aposta polas políticas sociais e non reduciu senón que ampliou o gasto social mentres que o goberno da Xunta fai xusto o contrario. Que Vigo reclama unha sanidade pública demostrouse na manifestación do pasado domingo que foi das máis importantes de Galicia, na que se defendía un

dereito básico coma é a sanidade pública. Nesa manifestación non só estaban os socialistas, estaban todas as coordinadoras de Galicia. Cada unha delas que falaba, daba o mesmo que foise de Cangas, de Monforte, de Ourense ou de Lugo, a súa intervención era un relato de problemas, de petición de solucións para a sanidade pública para toda Galicia. Alí estaba toda a sociedade, os partidos políticos, os sindicatos e todos os movementos veciñais.

Hai algo peor: esta política de privatización do Partido Popular na sanidade pública converteu a Vigo no campo de batalla onde experimentar políticas que aplicará ao resto de Galicia e o hospital é o exemplo. Efectivamente un hospital proxectado polo anterior Goberno en 375 millóns, ao final imos pagar os cidadáns 1.500 millóns de euros.

Ese grito que se oía en Santiago o domingo pasado en contra da privatización da sanidade e a favor de que o hospital de Vigo sexa público, é un grito que hoxe os socialistas mantemos neste Pleno. Os cidadáns de Galicia piden ao Goberno da Xunta que se deixe de políticas de privatización cun dereito básico e elemental coma é a sanidade porque a conclusión é que hoxe con Núñez Feijóo a sanidade está moito peor que co anterior goberno.

Neste intre prodúcese outra alteración no transcurso do Pleno pola actitude das persoas presentes no salón de Plenos pedindo "solución para os colexios públicos".

A PRESIDENCIA: Sras. E Sres. Concelleiros, dada a situación na que entrou a realización deste Pleno, de acordo co artigo 74 e vista a imposibilidade de continuar en condicións normais, levántase definitivamente a sesión. Mañá reunirse a Xunta de Voceiros e fixarase unha nova data dentro dos dez días seguintes para a continuación do Pleno no punto no que se suspendeu.

Levántase a sesión.

Sendo as dez horas e once minutos, a Presidencia suspende a sesión quedando pendente o resto da orde do día cos seguintes puntos:

5.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DEMANDANDO ATENCIÓN E SERVIZOS

DE CALIDADE NA SANIDADE PÚBLICA. EXPTE. 64/1101

- 5.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE AXILICE AS OBRAS PENDENTES DE NAVIA E AS REFORMAS PRECISAS NO COLEXIO PÚBLICO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. EXPTE. 84/1101.
- 5.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO Á XUNTA UN REPARTO EQUILIBRADO DE FONDOS E CONEXIÓNS AÉREAS PARA O AEROPORTO DE PEINADOR, ASÍ COMO NOVOS VOOS. EXPTE. 85/1101.
- 5.4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO SE SOLICITE Ó MINISTERIO DE FOMENTO O ENVÍO POR ESCRITO DO ESTADO DE TRAMITACIÓN E PRAZOS DO NOVO TRAZADO DA AUTOVÍA VIGO-PORRIÑO. EXPTE. 81/1101.
- 5.5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS COA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 83/1101.

6.- ASUNTOS URXENTES.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

- 1.1.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.
- 1.2.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.
- 1.3.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 26 DE OUTUBRO DE NOMEAMENTO DE PRESIDENTE E SECRETARIO DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO.
- 1.4.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28 DE OUTUBRO DE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS NO TENENTE DE ALCALDE DON SANTIAGO DOMÍNGUEZ OLVEIRA.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

4.- MOCIÓNS.

- 4.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO ALCALDE O APOIO E DEFENSA DO SECTOR DO COMERCIO E HOSTALERÍA. EXPTE. 52/1101.

4.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO A DEFINIR O EMPRAZAMENTO DA BIBLIOTECA DO ESTADO EN VIGO. EXPTE. 82/1101.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

O Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e once minutos, da que se redacta a presente acta; como secretaria dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Concepción Campos Acuña.